

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA MATRÍCULA CONDICIONADA EN MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS DA UNIVERSIDADE DE A CORUÑA.

O precitado Regulamento ten base no artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, que permite a matrícula condicionada nos másteres universitarios para aquel alumnado a que lle falte por superar o Traballo de Fin de Grao e un máximo de 9 créditos, para o cal lles esixe ás universidades a aprobación de normativas específicas por parte dos seus órganos de goberno, que no caso da UDC se formalizou mediante o presente regulamento, aprobado polo Consello de Goberno con data de 26/01/2023.

O artigo 1, apartado 2 do regulamento establece que se poderá levar a cabo a matrícula condicionada en todos os másteres universitarios agás nos seguintes, que teñen en común a característica de tratarse de estudos necesarios para o exercicio de profesión regulada:

- a) Máster Universitario en Avogacía.
- b) Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino do Idioma.

E ademais dase a posibilidade dun apartado c) para aqueles másteres cuxa comisión académica comunique, mediante un escrito motivado dirixido á vicerreitoría con competencias en materia de títulos oficiais, a conveniencia de excluír a posibilidade de matrícula condicionada, correspondendo ao Consello de Goberno, en caso de existir discrepancia entre a Vicerreitoría e a comisión académica do máster, a toma de decisión.

Recibida, con data de 10/07/2023, unha solicitude da Dirección da Escola Técnica Superior de Arquitectura, que introduce o acordo adoptado pola Comisión Académica do Máster Universitario en Arquitectura (que habilita para o exercicio da profesión regulada de Arquitecto), que se xunta como anexo a esta proposta, elévase ao Consello de Goberno a seguinte modificación do precitado Regulamento:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste Regulamento é establecer o procedemento para a matrícula condicionada nos estudos de máster universitario da Universidade da Coruña (a partir de agora UDC), de acordo co disposto no artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

2. Poderase levar a cabo a matrícula condicionada en todos os másteres universitarios oficiais ofertados pola UDC que se encontren na situación recollida no artigo 3.1 deste regulamento, excepto nos seguintes:

- a) Máster Universitario en Avogacía
- b) Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas
- c) Másteres cuxa Comisión Académica comunique, mediante un escrito motivado dirixido á vicerreitoría competente en materia de títulos oficiais, a conveniencia de excluír a dita

posibilidade. En caso de discrepancia entre a Comisión Académica e a vicerreitoría competente, decidirá o Consello de Goberno da Universidade.

Esta comunicación deberase remitir antes do 30 de marzo, e o seu sentido manterase en cursos sucesivos ata que solicite o seu cambio a dita Comisión Académica.

Modificación que se propón:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste Regulamento é establecer o procedemento para a matrícula condicionada nos estudos de máster universitario da Universidade da Coruña (a partir de agora UDC), de acordo co disposto no artigo 18.4 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

2. Poderase levar a cabo a matrícula condicionada en todos os másteres universitarios oficiais ofertados pola UDC que se encontren na situación recollida no artigo 3.1 deste regulamento, excepto nos seguintes:

- a) Máster Universitario en Avogacía
- b) Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas
- c) *Máster Universitario en Arquitectura.*
- d) Másteres cuxa Comisión Académica comunique, mediante un escrito motivado dirixido á vicerreitoría competente en materia de títulos oficiais, a conveniencia de excluír a dita posibilidade. En caso de discrepancia entre a Comisión Académica e a vicerreitoría competente, decidirá o Consello de Goberno da Universidade.

Esta comunicación deberase remitir antes do 30 de marzo, e o seu sentido manterase en cursos sucesivos ata que solicite o seu cambio a dita Comisión Académica.